

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, LUNS, 6 DE ABRIL DE 2026****PRESIDENCIA****SAN CAETANO**

**11,30 h.-** O titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, presidirá a reunión do Consello da Xunta.

A continuación, a partir das **13,00 horas (aprox.)**, comparecerá para dar conta dos asuntos acordados.

**PARLAMENTO**

**18,00 h.-** O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado de membros do Goberno galego, asistirá ao acto de entrega das Medallas do Parlamento de Galicia 2026.

**DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA****CARNOTA (A Coruña)**

**11,30 h.-** A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, supervisará os traballos de mellora de infraestruturas viarias acometidos con cargo ao *Plan Camiña Rural 2025-2026*.

**TRAZO (A Coruña)**

**17,00 h.-** A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará a asociación veciñal San Martín de Monzo para informar da nova orde de axudas.

**DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO****LUGO**

**12,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, presentará as actividades programadas con motivo dos Días Europeos da Artesanía.

**12,30 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará na presentación da segunda edición do encontro *Medrando Xuntas*.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**COSPEITO (Lugo)**

**17,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, intervirá na presentación da 42ª edición da *Moexmu*.

**DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE****OÍMBRA (Ourense)**

**11,30 h.-** O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, supervisará as actuacións levadas a cabo no Museo das Barrocas, ao abeiro das axudas a infraestruturas turísticas a concellos de menos de 10.000 habitantes.

**DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA****PONTEVEDRA**

**09,15 h.-** O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, recibirá aos representantes da Agrupación Folklórica Celme.

**A LAMA (Pontevedra)**

**11,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitará o resultado dos traballos de mellora da eficiencia enerxética do pavillón.

**DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO****VIGO**

**11,00 h.-** A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, participará na presentación da nova edición do programa *O Teu Xacobeo*.

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES****SAN CAETANO**

**10,00 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado polo director xeral de Xustiza, José Tronchoni, asinará con Esfem Formación Empresarial S.L. un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun proxecto de accesibilidade á xustiza.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A POBRA DO CARAMIÑAL (A Coruña)**

**13,00 h.-** O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, participará na rolda de prensa de presentación do Campionato Galego de Bateis.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL****SAN CAETANO**

**12,00 h.-** A directora xeral de Ordenación e Innovación, Judith Fernández, manterá unha reunión de traballo coa Asociación Ponte... nas Ondas!.

**LUGO**

**16,00 h.-** A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, despedirán ao profesorado que dará soporte á unidade móbil de operacións da Fundación Diego González Rivas en Siria.

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA****SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**13,30 h.-** O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, e a conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asinarán un convenio de colaboración para o financiamento de proxectos que faciliten a aplicación da asistencia técnica no marco do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE****VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)**

**13,00 h.-** O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na presentación en **rolda de prensa** do Festival Clasclas.

**BERGONDO (A Coruña)**

**12,30 h.-** A directora de Xuventude, Lara Meneses, visitará o albergue xuvenil Marina Española.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A CORUÑA

**12,30 h.-** O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, participará na presentación en **rolda de prensa** da gala dos XXX Premios María Casares de Teatro.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

#### SAN CAETANO

**13,00 h.-** A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, reunirse co alcalde de Boiro, José Ramón Romero.